



## **DISCURSO DO DELEGADO DO GOBERNO EN GALICIA NA PRESENTACIÓN DA MEMORIA DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO 2009**

**A Coruña, 27 de xullo de 2010**

**Subdelegados do Goberno**

**Persoal da Administración Xeral do Estado en Galicia**

**Amigas e amigos**

Estamos nun momento clave para a historia recente deste país. Son as decisións que tomamos agora, as actuacións que poñemos en marcha, as que están a construír o futuro de España e de Galicia, a dirección cara onde queremos que vaia o noso país.

É o momento de crer nas posibilidades dun pobo que foi quen de avanzar máis nos últimos trinta anos que en cen anteriores, que soubo aprender das adversidades e dos temores, das incertidumes, para converterse no que somos hoxe: un país libre, moderno e democrático. Un exemplo no que se queren reflectir os países emerxentes do noso entorno.

Neste último ano, España compartiu co resto de economías europeas unha crise profunda, sen precedentes na historia económica mundial, e, por tanto, para a que non existían fórmulas escritas nin exemplos de superación.

Eses meses foron de planificación estratéxica, para poñer os cernes da recuperación económica e, sobre todo, da recuperación do emprego, que segue a ser unha das preocupacións prioritarias deste Goberno.

De entre as decisións adoptadas, quixera destacar a aprobación do Proxecto de Lei e da Estratexia de Economía Sostible, que busca un cambio no noso



modelo produtivo baseado nun crecemento equilibrado, competitivo e xerador de emprego.

Neste tempo difícil, o Goberno tivo que adoptar decisións que implicaron cambios e modificacións necesarias pero non moitas veces populares, pois afectan directamente ó cidadán e especialmente a moitos dos aquí presentes como servidores públicos que sodes. Todos sabemos que as situacións de crise esixen medidas adaptadas a elas, que fortalezan a nosa posición neste cambio traumático.

Neste marco histórico, estamos a desenvolver un ambicioso e imprescindible plan de axuste económico no ámbito da Administración Pública. Con decisións difíciles, que afectan a cada funcionario, a cada área e departamento, e no que a participación dos empregados públicos é esencial. Sabemos que o sacrificio é moi grande e, por iso, agradecemos a comprensión que estades a amosar nestes intres de contención económica.

En todo caso, e como se desprende desta Memoria que hoxe presentamos, unha crise económica non é impedimento para que o Goberno central siga a cumprir o compromiso que dende o ano 2005 temos adquirido con Galicia e cos galegos.

**Así, no ano 2009, o Goberno de España mantivo nas cotas máis altas o nivel de investimento en Galicia, con máis de 2.000 millóns de euros para a comunidade. Unha cifra que triplica o investimento anual medio durante o período 97-2004 (645 millóns de euros).** Con esta cifra supérase o compromiso de adicar a Galicia o 8% do investimento estatal, superior ó peso demográfico da nosa comunidade no conxunto do Estado, que é do 6%.

Dito doutro xeito, as políticas do Goberno diríxense ás persoas e a acción do Executivo do presidente Zapatero supón que **un cidadán galego reciba unha porcentaxe de investimento, en termo *per capita*, un 32% por riba da media nacional, corrixindo a situación anterior que se traducía en**



**investimentos un 10% por debaixo da media durante o período 1997-2004.**

A presenza da Administración Xeral do Estado na Comunidade Galega non é pois baladí; máis se nos lembramos dos máis de **500 millóns de euros postos a disposición dos concellos no ano 2009 a través do Fondo Estatal de Investimento Local**, que teñen a súa continuidade no presente exercicio con outros 300 millóns.

Por certo, xusto é poñer en valor o salto cualitativo que supuxo a tramitación dos proxectos enmarcados nestes Fondos Estatais de Investimento para as Entidades Locais. A súa **xestión e tramitación por vías telemáticas amosa o avance na modernización da Administración**, ao igual que se está producindo noutros sectores da Administración do Estado, como o INSS, a Tesorería Xeral da Seguridade Social ou o Servizo Público de Emprego Estatal, por citar só algúns exemplos.

Ademáis destes investimentos que acabo de sinalar, o Goberno central desempeña un gran abano de responsabilidades de moi diversa índole e que fan que esta Memoria sexa un documento extremadamente diverso e, en moitos casos, sorprendente incluso para nós, os responsables.

E digo isto, porque o sector público estatal, incluíndo o sector público administrativo e o sector público empresarial-fundacional, supuxo en Galicia no 2009 uns **22.500 millóns de euros**, un 12,1% máis que en 2008, tomando como referencia investimentos territorializados e transferencias de fondos a outras administracións.

Dan testemuña do papel da Administración Xeral do Estado en Galicia os 20.109 empregados públicos que hai na comunidade. Encabeza este listado o Ministerio do Interior, con 7.010 empregados, grazas ós efectivos do Corpo Nacional de Policía e de Institucións Penitenciarias, principalmente (sen contar cos máis de 5.000 gardas civís que teñen carácter militar). A este



departamento séguelle preto Fomento, con 5.682 empregados públicos e Trballo e Inmigración, con 3.210, dos que a cifra máis importante corresponde ás Entidades Xestoras da Seguridade Social (INSS, Tesouraría e ISM).

As esta cifra hai que engadir as 6.120 persoas que desenvolven a súa actividade laboral en Entidades Públicas Empresariais e Sociedades Mercantís de capital público en Galicia, correspondendo a Navantia o maior número de empregados, con 2.348 persoas, seguido de preto por Tragsa, ADIF, Renfe Operadora e Paradores de Turismo.

Así, practicamente tódalas áreas sociais e económicas de Galicia contan coa presenza e coa participación da Administración Xeral do Estado, aínda que, en moitas ocasións, pase inadvertida para o cidadán. Esta circunstancia non nos arreda de ofrecer uns servizos públicos adaptados ás necesidades da sociedade actual.

Como dicía antes, a pesares destes momentos de limitacións, en 2009 superouse o xa de por si investimento récord de Fomento no ano anterior. En 2009, as **infraestruturas de Galicia recibiron 1.430 millóns de euros**, que dán conta do impulso modernizador que o Estado está a ter coa nosa comunidade. No ano do Pacto do Obradoiro, o Ministerio e o Goberno central desbloquearon os principais tramos da alta velocidade coa Meseta e avanzouse de forma significativa no eixe atlántico, que hoxe por hoxe, están sentando as bases da revolución do transporte público en Galicia e das súas conexións co resto de España e de Europa. Hai que lembrar que a media de investimento anual entre 1997 e 2004 foi de 371 millóns de euros, polo que a cifra de 2009 casi a cuadriplica.

Xunto ó AVE, portos, aeroportos e autovías seguiron a concentrar unha importante cantidade de recursos. A memoria da Administración do Estado do ano 2009 apórtanos datos da relevancia estratéxica destas infraestruturas na economía galega: os portos de interese xeral do Estado moveron máis de 40



millones de toneladas de mercadorías, e os aeroportos, máis de 4 millóns de viaxeiros; salvamento marítimo controlou 40 mil buques polo dispositivo de Fisterra e atendéronse 401 emerxencias marítimas.

Dentro do transporte, unha das políticas prioritarias deste Goberno é a seguridade viaria. A redución dos sinistros nas nosa estradas e, por tanto, a das vítimas dos accidentes, é unha tarefa prioritaria, que en Galicia ocúpanos especialmente.

Na memoria de 2009 apórtanse datos de **sinistralidade vial** e, do seu exame, podemos constatar a consolidación da baixada progresiva no número de accidentes de tráfico e de vítimas mortais que vimos rexistrando nos últimos anos. Pechamos o ano 2009 cun descenso nos parámetros chave respecto ó ano 2008, xa de por sí histórico desde que existen estatísticas de accidentalidade viaria. Así, o descenso respecto ó ano 2008 confirmouse tanto no número de accidentes mortais como no de vítimas en estrada e en zona urbana así como nos peóns falecidos.

E pretendemos seguir por este camiño, consolidando os descensos, aumentando os esforzos legislativos e de sensibilización e buscando, en definitiva, que vehículos e cidadáns convivan sen risco.

Respecto ós datos económicos, non podemos esquecer que están moi influidos polo contexto de crise económica.

Certo é que a crise global se fixo notar e o total da **recadación tributaria** estatal en Galicia caeu un 24% con respecto ao ano anterior. O descenso máis acusado produciuse no imposto sobre sociedades, que descendeu un 40% con respecto ó ano 2008. No IRPF, a baixada foi do 10% e no IVE, dentro dos impostos indirectos, a contención do consumo, entre outras razóns, fixo descender a recadación deste imposto no 33,75.



A afiliación á **Seguridade Social** tamén descendeu, ata acadar un millón oito mil setecentos dezanove afiliados, 55 mil menos que un ano antes.

O último gran bloque ó que me quero referir nesta presentación é o protagonizado pola actividade das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, que, como sabedes, é unha das principais competencias do Estado en Galicia.

No tocante ó **tráfico de drogas, en 2009 producíronse 946 detencións, un 8,5% máis que no ano anterior**, confirmándose a eficacia nos procesos de investigación policial. A cifra de comisos foi practicamente igual que no ano anterior así como a de denuncias por esta causa.

A nivel xeral, Galicia acadou no ano pasado unhas taxas de criminalidade moi baixas, que nos permiten seguir na cabeza das rexións máis seguras de España e de Europa. **A taxa de criminalidade situouse en 27,1 delitos por cada 1.000 habitantes, cando a media española é de 45,8 e a europea, de 69,1.** Unhas cifras que nos reafirman día a día no convencemento de estamos nun territorio seguro, no que os cidadáns poden vivir e exercer os seus dereitos libremente.

Este clima de seguridade que vivimos en Galicia é, nunha gran parte, o reflexo da actividade constante e calada dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, que, en 2009, conseguiron a mellor taxa de esclarecemento dos delitos da década. Así, durante 2009, **o Corpo Nacional de Policía a a Guardia Civil en Galicia esclareceron un 55,4% dos delitos**, 15 puntos por riba da media de España e un 3,3 puntos máis que no ano 2008, que foi do 52,1%.

Estas cifras que acabo de desgrosar someramente e moitas outras, conforman este volume da Memoria da Administración Xeral do Estado na nosa comunidade. Un libro de consulta tras o que está un grupo de persoas tanto da Delegación como das catro subdelegacións do Goberno que o fixeron



posible. A eles e a cantos lles proporcionaron a información desde os organismos e áreas, o meu agradecemento e felicitacións.

Moitas grazas